

Oración DOMUND 2018

Señor, axúdame a cambiar para cambiar o mundo. Necesito renovar o corazón, a mirada, os meus modos de facer, para non terminar nun museo. E non é só renovar o vello: é permitir que o Espírito Santo cre algo novo.

Señor, baléirame dos meus esquemas para facer sitio ao teu Espírito e deixar que sexa El quen faga novas todas as cousas. El envíanos, acompañanos, inspíranos; El é o autor da misión, e non quero domesticalo nin engaiolalo.

Fai que non teña medo da novidade que vén de Ti, Señor Crucificado e Resucitado. Que a miña misión sexa comunicar a túa vida, a túa misericordia, a túa santidad. Ensíname a amar coma Ti para cambiar o mundo. Amén. *Papa Francisco*

**SOMOS MISIONEIROS TEMOS UNHA MISIÓN
QUEREMOS VER O MUNDO
CHEO, CHEO, CHEO, CHEO DE AMOR.
SOMOS MISIONEIROS TEMOS UNHA MISIÓN
QUEREMOS VER O MUNDO
CHEO, CHEO, CHEO, CHEO DE DEUS.**

Para que se pechen feridas,
e que se abran máis portas,
necesitamos que haxa
máis amor na nosa terra.
Para que se acaben as guerras,
e que se cumpran os soños,
necesitamos que acendas
a luz que dá o Evanxeo.



DOMUND
CAMBIA
EL MUNDO

21 OCTUBRE 2018
#DOMUND



Evanxeo
21- outubro-2018
29º ORDINARIO



**A Igrexa non é pódium para VENCER
senón escaleira para rescatar e SERVIR**

Ordinario 29º-B



ISAÍAS 53, 10-11: *Ao entregar a súa vida como expiación, verá a súa descendencia, prolongará os seus anos.*

O Señor quixo esmagalo co sufrimento, e entregar a súa vida como expiación: verá a súa descendencia, prolongará os seus anos, o que o Señor quere prosperará pola súa man. Polos traballos da súa alma verá a luz, o xusto saciarase de coñecemento. O meu servo xustificará a moitos, porque cargou cos crimes deles.

Palabra do Señor.

SALMO 32 R/. *Que a túa misericordia, Señor, veña sobre nós, como o esperamos de ti.*

HEBREOS 4,14-16: *Acheguémonos con seguridade ao trono da graza.*

MARCOS 10, 35-45 *(forma longa): O Fillo do home veu dar a súa vida en rescate por todos.*

Narrador: Naquel tempo, achegáronse a Xesús os fillos de Zebedeo, Santiago e Xoán, e díxéronlle:

Santiago: -«Mestre, queremos que nos fagas o que che imos pedir».

Narrador: Preguntoulles:

Xesús: -«Que queredes que faga por vós?».

Narrador: Contestáronlle:

Juan: -«**Concédenos sentar na túa gloria un á túa dereita e outro á túa esquerda**».

Narrador: Xesús replicoulles:

Xesús: -«**Non sabedes o que pedides, poderdes beber o cáliz que eu hei de beber, ou bautizarvos co bautismo con que eu me vou bautizar?**».

Narrador: Contestáronlle:

Juan: «Podemos».

Narrador: Xesús díxolles:


Xesús: -«**O cáliz que eu vou beber, beberédelo, e seredes bautizados co bautismo con que eu me vou bautizar, pero o sentar á miña dereita ou á miña esquerda non me toca a min concedelo, senón que é para os que están reservados**».

Narrador: Os outros dez, ao oír aquilo, indignáronse contra Santiago e Xoán. Xesús, chamándoos, díxolles:

Xesús: -«**Sabedes que os que son recoñecidos como xefes dos pobos os tiranizan, e que os grandes os oprimen. Non será así entre vós: o que queira ser grande entre vós, que sexa o voso servidor; e o que queira ser primeiro, sexa escravo de todos. Porque o Fillo do home non veu a ser servido, senón a servir e dar a súa vida en rescate por todos**».

Palabra do Señor.

(Narrador- Santiago – Xesús - Xoán)



A Igrexa non é pódium para vencer senón escaleira para rescatar e servir.

1. VER: Pódium ou escaleira?

-Fano no debuxo deste domingo preséntanos dúas formas de vivir: buscando o pódium ou poñendo escaleiras. Buscan conseguir o nº 1 no pódium os deportistas. Estes días nas Baleares vimos os bombeiros nas riadas non buscando premios senón tendendo escaleiras e pontes que puidesen rescatar do afogamento, o seu é servir. Vivimos nunha época na que se nos insiste en competir, triunfar e pouco en servir.

Cando buschaches subir ao pódium? Cando tes buscado axudar, servir?

2. XULGAR: A Igrexa non é pódium senón escaleira.

-No evanxeo, Xesús di aos apóstolos que querían acaparar os primeiros postos: **“o que queira ser grande, sexa o voso servidor”**. E recórdalles que el veu non a ser servido senón a **“servir e dar a vida”**.

QUE NOS QUERE DICIR?

-**A todos nos gusta ser os primeiros**, os máis ricos, ter moitas cousas, ser famosos e que nos aplaudan. Iso pasoulle xa a Xoán e a Santiago que buscaban os primeiros postos.

-**Xesús di que el non veu ter palacios**, mandar nin a que o sirvan. El veu servir, axudar e querer a todos, a rescatar, a dar, incluso a vida. Iso é o que teremos que facer os seus amigos hoxe, tamén a Igrexa que formamos todos.

-**Servir** é poñernos á disposición do outro, axudalo, pensar máis nos outros e menos en min, na familia, no colexio, cos amigos, no traballo...

-**A xornada do Domund** lémbra-nos: **“Cambia o mundo”**. Iso non o fan as fadas senón os misioneiros que levan a Xesús, amor, escolas, hospitais... Unha chamada a nós e á Igrexa a servir, a colaborar, a cambiar o mundo coas nosas mans, coas pequenas cousas de cada día, poñendo escaleiras non buscando pódiums. Esa é a variña máxica.

Que nos ensina este evanxeo? E os misioneiros?

3. ACTUAR: Cambia o mundo, sirve como os misioneiros.

-Dialogue se estades fóra de **“fóra de servizo”** ou **“en servizo permanente”**.

-Ver en **youtube** o vídeo do Domund e comentádeo: **“Unha historia de moitas historias”**.

<https://www.youtube.com/watch?v=v1YdQZN7SU4>

-Explicade a outros e á comunidade o cartel do Domund: O cubo quebracabezas son as posibilidades de transformación do mundo. As imaxes da realidade misioneira. E as mans, nelas está o cambio, apoiándonos en Deus. Que imos facer?

Que imos facer?